

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm. 3466/2018.

Esta Alcaldía delegou, mediante decreto da alcaldía de 29/06/2015, na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias previstas no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público: *“As competencias como órgano contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada”*.

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 17 de setembro de 2018 aprobou o expediente de contratación denominado “REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERREIRO” (EE: 3466/2018) por procedemento aberto simplificado e trámite ordinario.

Na mesma sesión aprobáronse os pregos e acordouse darlle publicidade á licitación.

Sen embargo, detectouse un erro no PCAP, en concreto no mesmo inclúense erróneamente os anexos I e II correspondentes a outro expediente.

Xa que logo, á vista dos antecedentes expostos e tendo en conta que o prazo de presentación de ofertas remata o vindeiro día 9 de outubro de 2018, compre axilizar os trámites para rectificar o erro.


Polo tanto, e de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL; no art. 43.3 do ROF, aprobado polo RD 2568/86, de 28 de novembro e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPÕÑO:**

Primeiro.- Corrixir o erro material que figura no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá no contrato de obras denominado *“Reposición de beirarrúas na rúa Alcalde Ferreiro. Lalín”* (EE: 3466/2018) e suprimir os anexos I e II que figuran no mesmo por erro facendo referencia á obra *“Humanización da rúa Wenceslao Calvo Garra”*.

Segundo.- Darlle conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Alcalde
Xeral.
Rafael Cuíña Aparicio

Diante de mín: O Secretario
César López Arribas



Lalínkmcero

Contratación



Concello de **Lalín**

(Documento asinado electronicamente á marxe)

